

A.E.G.

ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES POR GALIZA 1996-1998
novembro 1998 número 6 15 pesos

**SOLIDARIEDADE:
A.C. TREME A
TERRA**

**MILI KK:
NASÍO PA
OBXETÁ**

**CINE:
CHEGADA DO
CINE A GALIZA**

**CÓMIC:
AMAMANTAR A
UN FILLO MORTO**

**DEPORTES:
POR FIN:
SELECCIÓN
GALEGA, XA!**



VOCEIRO TREME A TERRA

OUTUBRO '98 Nº6


40 PESOS



MÉRCAO !!

ASOCIACIÓN DE
ESTUDANTES POR
GALIZA

A.E.G.



Número 6
Magosto '98

Despois dun ano sen sair a revista da Asociación de Estudantes por Galiza (A.E.G.) todos tiñamos un pouco esquecida esta primeira revista elaborada polos alumnos do I.B.M. Mugardos. Este novo ano no que comezamos sacando a revista Magosto '98 tentaremos que calquera de vos colaboredes aportando algunha idea, reflexión ou paranoia que vos veña á cabeza para que a revista siga adiante. Tentamos con isto que non se olvide algo moi importante, o galego, a nosa cultura, folklore e demais. Darémosvos a coñecer ideas características da Galiza, pero tamén o que está a acontecer nos nosos arredores, información local que non nos deixe pasar por alto todo o bo que temos diante nosa. Agardamos que con ista nova edición da revista todos colaboremos a recordar aqueles maravillosos anos.

EDITORIAL

Colaboran neste número:

Lidia P.L.
O Trasnó
Dulce L.R.
Grona Hevia Gómez
Juan Carlos
Xosé Luis Mosquera
Pilar García
Xosé Tomás
Rocio V.
A.C.G.P.
Lois R.
Lois
Forza Fran
Dani Concordante
Vanessa F.B.

SUMARIO

MAGOSTO '98	4
Memoria dun magosto.	
Magosto na aidea global	
REFLEXIÓNS	7
Inimigos	
BUZÓN DO ESTUDANTE	8
NATUREZA	10
O problema da desgasificadora	
SOLIDARIEDADE	12
MÚSICA	13
DEPORTES	14
Por fin: Selección Galega, Xal	
COMIC	16
MILI KK	17
Nasío pa obxetá	
CINE	18
Chegada do cine a Galicia	
PASATEMPOS	19

MEMORIA DUN MAGOSTO

Era eu pequena, e recordo que facía pouco que comezara a escola, acompañada tamén da chegada do frío e da choiva. Eu non tiña máis de tres anos, e pouco máis de tres palmos levaría do chan. Facía un par de días que a escola cambiara, a xente parecía máis leda que de costume e todos estaban pendentes de preparar mil actividades para que todo fora perfecto.

Lembro que por aquel entón, a miña clase era diferente ás demais. En tódalas aulas había colocado na porta un cartel no que especificaba o curso ó que pertencían, 1º, 2º, 3º... , pero na miña non; na miña había escrito un nome, daquela un pouco difícil de pronunciar pra min, "Prescolar". Lembro tamén que daquela, nós eramos a clase privilexiada da escola. Viviamos de rentas, pois con saber dicir que o "p" có "a" é "pa" e catro cousiñas máis, tiñamos o curso aprobado con matrícula. E sí, diferentes eramos con ganas, pois aínda encima de ser uns piollos andantes, ata a nosa mestra diferenciábase das demais por levar un mandilón igualiño ó noso (con nome e todo), era coma un prototipo de nena pero en xigante.

Bueno, voltando ó tema inicial, estaba a repasar na miña memoria aqueles días de preparativos para a chegada da gran festa. Os maiores, adicábanse a escribir relatos que tiñan que ver con todo aquilo, e encargábanse de facer enormes e lucidos carteis para empapelar o colexio de arriba a abaixo. Mentres, os ananos, adicábanse a facer debuxos que tiveran relación có tema, e nós, os miudiños, adicabámonos a debuxar algo así como xeroglifos acompañados de castañas con patas, ollos, e todo o que a nosa imaxinación fora capaz de imaxinar, que non era pouco. Xoana, a nosa mestra, contáranos que o colexio ía dar unha gran festa, con motivo dunha tradición que había moitos anos que existía


(relacionada coa recolección da castaña cando en Galicia era un alimento fundamental). Esta festa chamábase "magosto", e de todo o que a mestra nos explicara, eu saquei en conclusión que aquela festa consistía en encherse de castañas, e claro, co que a min me gustan, tiveron que recoñecer que aquilo sí que era unha boa idea; toda unha novidade para os meus (os miudiños) que non tiña desperdicio.

O día achegábase cada vez máis, e todos estabamos impacientes. Dábanse os últimos retoques, e os máis tardóns aproveitaban para rematar os seus debuxos; o resto da clase adicábase a engulir todo tipo de material escolar como cola, pinturas, papeis e demais instrumentos de traballo. A min, se vos digo a verdade, a cola non che me gustaba moito.

Por fin o gran día chegou. Os mestres ían dun lado para outro cargados de cucuruchos feitos con papeis de periódicos. As competicións e os xogos comezaron e pouco a pouco, despois da entrega de premios fomos indo en filas a recoller a nosa bolsiña de castañas. Eu non podía ser máis feliz (pensaba neses intres), aquilo era o mellor que me pasara nunca, e eu xa levaba tres anos da miña vida perdéndomo; dende logo que pouca consideración me tiñan.

E así foi, os anos foron pasando, e aquela ilusión que eu e tódolos demais tiñamos pola chegada daquel día foise esvaeendo pouco a pouco.

Hoxe alégrome moito de poder dicir que algúns aínda conservamos certa inqueda e curiosidade por esta e outras datas importantes, pero apéname tamén o saber que para outros moitos, isto que tanto lles sorprende aquel día agora xa non signifique nada.



MAGOSTO NA ALDEA GLOBAL.

-¿Magosto? ¿Que magosto? Eu a comer deliactessen a dousmil metros sobre o océano e ti a falar de magosto e non sei que historias de aldeas e castañas. ¡Veña, tío, non sexas patético!

-Ven, eu... o que fá dicirche... quería falarte do que estas a comer...

-¿O que estou a comer? ¿Ti, co pantalón casi raído e os zapatos suxos? ¡Ha,ha,ha, non me fagas rir! O teu son os bocatas, tío, e a calar,que pola túa culpa xa non me cadran os números.

Tratábase dos números. Desde saíran da aldea, Paco non paraba de sumar e restar, de facer porcentaxes e calcular dividendos, facía ringleiras de números que eran para tolear un. Os meus aforros, ó final, non eran máis que aqueles números, e con eles Paco convenceu a baldomero para dar o gran salto e lanzarse a por todas. Coma quen di para comerse o mundo... ¡Comelo coma se fose unha doce castaña!

-Pero Paco, eu...

-¡Frank, tío, Frank! Nin mentar a hispanidade ¿eh?, a ver se te enteiras dunha vez, vamos nun jumbo e cando aterremos en Wall Street... ben, xa verás, xa verás como bruxuleamos por alí e acabamos tendo tantos cartos coma eles. Pero ti, tío, a garabata sempre ven posta e a facha impecable. E sobre todo nada de tortilla de patacas, sardiñas pringosas e morriñadas desas. ¡Nada de castañas, tío, nada de castañas!

Baldomero sentiase desbordado. Non podía seguir o rebumbio de palabras que a Paco víanselle rebotar na cabeza, chispas, raios e tronos, lumes artificiais que lle adornaban a cocorota, coma unha deidade aeronáutica.

Púxose mentalmente a ensaiar.

"Frank, Franky, Mr. Frank. ¿Que tal quedariame a min algo así? Mr. Waldo, Wald, Waldy, de impresión ¿eh?... pero ¡joder!", ¡Baldomero decatouse de que tiña que aprender inglés!


O avión entrou nunha nube oscura, as chispas, raios e tronos víanse agora pola ventanilla, e Baldomero pensou na cabeza calva de Paco estalando e a súa materia gris -¿tería dabondo?- espaxándose polo espacio con toda a súa luminaria. Baldo empezou a marearse co traqueteo do avión, e ó pechar os ollos notou un picor por todo o corpo, soñou que estaba deitado na herba e que enriba caíanlle ourizos. "Castañas" -soñou que pensou- "malditas castañas". Castañas envoltas en pinchos facendo laiar os dedos, castañas que cobixan un gusano.

-Señores pasaxeiros, apreten forte os seus cintos, ¡entramos nunha zona de turbulencias!

-¡Esperta, tío! Non te irás marear ¿eh? Ha, ha, ha -pero Baldomero non esperta- a este parece que se lle apareceu a Santa Compañía, o avión fai truf, truf e xa está cagado de medo, ¡Coma se levase un século sen cambiar a camisa! ¡Vaia facha, tío! ¡Que patético!

O avión encetou o descenso, o truf truf fíxose máis rápido e máis forte, as chispas, raios e tronos inundárono todo. ¡Xa se ve Wall Street! ¡Mirade as moquetas relucintes e os destellos de charol! Ringleiras de números bailan frenéticos fox-trots, os faxes entonan un cántico sagrado punteado polos pitidos dos mancontros.

Pero ¡que pasa aquí! Chispas, raios e tronos baixo a bóveda de cristal, brokers asustados con rios de suos baixando polos seus



OO
O
O

brazos, truf crack truf crack
¡Turbulencias financeiras!, un
nipón enfúndase o traxe de
samurai e faise o hara-kiri,
Európa treme. A cabeza de Frank
estalando e espaxeándose pola
selva de ordeadores que
chismorretean ordes
incomprensíbeis, Baldomero
durmindo e soñando con
castañas.

Un resplandor inúndao todo, e
despois -a clama que ven sempre
despois da tempestade- despois
xa so hai escuridade.

-¡Eh, Paco! ¿Que foi todo iso?
Non vexo nada. ¡Vaia soño! Unha
castaña inmensa inflamábase e
enroxecía e estalaba como un
fungo atómico e convertíase nuns
morros de mostro que pingaban
sangue... Brrruufff ¡joder, que
asco! -pero agora era Paco o que
durmía.

Cando a luz encetou a desfacer
tebras, Baldomero viu a Paco
deitado na herba. Primeiro ó
lonxe, despois cada vez máis
preto, oíase unha música de
gaitas e Baldomero sentíase
inexplicablemente aliviado. Un
cheiro a madeira quente
embadurmada con mel... ¡castañas
asadas! Gaitas, viño e castañas
asadas! ¡Hei, carballeira! Pero
Paco non abría os ollos, tan só
marmuraba.

-¡Ergue a man, inútil!... ¡Compra,
compra todo o que poidas!...
Falen con Mr. Wald, el leva os
meus asuntos... necesito...
necesito...

¡Ppffaaff!
Paco necesitaba algo, e a
Baldomero ocurriúselle darlle un
castañazo por ver se reaccionaba.
¡Ppffaaff!

-¡Paco, Paco! Veña home, esperta.
Así que tabeirón das finanzas
¿eh? Ha, ha, ha... ¡Agora es ti o
patético!... Pero acabouse todo,
Paco, acabouse a viaxe... ¿Queres
unha castaña?

Castañas refuxiadas en ourizos,
castañas no caldo, castañas

comidas polos porcos, castañas de
cidade nos seus cucuruchos de
parel de periódico, un collar de
castañas arredor de cada unha
das vosas gorxas...

E cando Paco abriu os ollos non
podía dicir nada. Unha pena
inmensa afogábase, sentíase
mancado, amputado. Como se o
deixaran sen roupa interior. E oiu
acabouse a viaxe.

Ergueuse un anaco, e aínda que
se refregou nos ollos pra espantar
un delirio de gaitas e castañas, só
puido ver o seu ordeador portátil
guindado no chan.

-Tecléa, Mr. Wald... non me
deixes... tecléa a derradeira... non
me deixes só... -Paco delira ou
faise o tolo, e móstrase
alternativamente imperioso e
desesperado- tecléa a derradeira
orde, ¡cabronazo!... ¡non me
deixes só no miolo desta silveira!

-¡Un trago! ¡Eses dous o que
botan en falta é un bo trago! -
gritan a coro os homes que veñen
coas gaitas- ¿Non vedes, meus? -
di un deles- ¡Se teñen cara de ter
chegado á lúa!

E mentras Paco non sae do seu
abraio e Baldomero di que sí a
unha bota de viño e a un
cucurucho de castañas, o
ordeador ábrese e palpebrexa:
derradeira orde. Un casting de
lúceciñas bailotea entre as herbas
ó son das letras na pantalla.
Ninguén ve: derradeira orde,
acabouse a viaxe.

¡Vaia castañazo deuse o avión!
Entre cascotes de ferralla, Paco e
Baldomero fican abraidos ó ver
no fol dunha gaita GALICIA
CENTER N.Y.

A máquina borbota un derradeiro
pitido de desconexión.

Baldomero trágase unha castaña,
¡viva a emigración!

E o magosto inúndao todo.

Juan Carlos.

O
T
S
O
G
A
A
A

INIMIGOS.

Non si può mostrare ciò che si è, si mostra solo ciò che gli altri possono vedere.
Francesco Messina.

Todos sabemos ben que, a pesar de tódolos pesares, o alumno mantén constantemente un xesto de desconfianza cara ós seus profesores. Sexa como sexa, e por se acaso, cando o alumno aproba faino por puro esforzo, a pulso, ou por natural e incuestionable intelixencia, pero cando non se aproba, está sempre claro que hai unha evidente manía personal por parte do profesor ou dos profesores; por algo xa se desconfiaba, ¿por que se non?

Estes principios fundamentais do mundo do ensino prenderon con inusitada forza no entorno social e, salvo raras excepcións, a meirande parte dos pais suscriben a postura dos seus fillos. Os pais, ademais, levan as súas deducións aínda máis lonxe: ¿cómo poden uns individuos que cobran un salario do estado a todas luces excesivo e inmerecido para o traballo que fan, con máis vacacións que días laborais, alleos ós problemas do mundo terrenal que os demais padecen, martirizar dese xeito ós seus rapaces?

A min tan só se me ocorre, chegados a este punto, que por ese camiño imos mal todos. Eu, son un "inimigo", fun -e sigo sendo- tamén alumno e, ademais, exerzo xa de pai, como moitos dos meus compañeiros. Tódolos que somos profesores participamos dos mesmos defectos e virtudes dos demais mortais: somos simpáticos ou antipáticos, altos ou baixos, gordos ou fracos, feos ou guapos, paletos ou refinados, etc., etc. Eso si, acumulamos certos

coñecementos e certas titulacións que nos levaron a ganar a vida nesta profesión, unha profesión que non se ensina, que só se aprende. Porque non contan unicamente os coñecementos, e ahí é onde aparece a cuestión máis polémica: o noso "material" de traballo é material humano, material máis ou menos sensible. Non hai recetas para eso, o que pode funcionar para uns non o fai para outros. Esa é a aventura. Moi parecida á de ser pais (a maior parte da humanidade acaba exercendo como tal e ninguén é capaz de aprendernos a facelo correctamente). ¿Entendedes o que quero dicir? Non hai dous pais iguais, nin dous fillos, e o mundo está cheo de pais e de fillos. Por principio tamén somos "inimigos", porque non queda máis remedio.


Se cadra todos deberíamos esforzarnos máis por respetar o papel que lle toca a cada un, admitindo a torpeza coa que o estea a desenvolver. É certo que os profesores debemos traballar por mellorar na nosa labor, pero tamén o é que outro tanto deben (debemos) facer os pais, os fillos, os alumnos.

De momento eu sigo vendo eses xestos de desconfianza. ¡Peligro, inimigo!

Importante: onde poida ser substituída a terminación masculina pola feminina aplíquese as dúas (p.e., alumno-a, profesor-a, etc.). Xa sei que a linguaxe é tamén machista, pero é un coñazo ter que ir poñendo barriñas e vocais. Sintoo.

Gracias pola vosa lectura.

Xosé Luis Mosquera



ESTO SON LOS MEJORES DÍAS DE MUGARDOS

CATRO COUSAS.

Son moitas as cousas que lle veñen a unha á cabeza cando escribe un artigo sobre o instituto; pero eu soamente vou facer catro críticas que considero máis importantes, dúas son boas e dúas son malas.

Unha das malas é a polémica sobre as "malditas" normas nas que este ano se inclúe a de que o instituto permanecerá pechado durante os recreos. Todos sabiamos que ó chegar os da E.S.O. o centro ía cambiar moito, pero ata tal punto... Para nós está é un paso atrás, é como voltar ós doce anos. É moi triste que rapaces e rapazas de B.U.P. teñan que estar pechados como se fosen de preescolar; cada ano nos quitan máis liberdades, cousa que eu, persoalmente, non asimilo.

A seguinte crítica, máis ben, é un chiste, refírome ó novo timbre, que parece o galo da miña veciña ðonde vai a nasa querida serea que nos espertaba dun susto tódalas mañás?

Agora é cando teño que falar das boas críticas, que en realidade, non son do todo moi boas, xa que como todo, teñen un pero. Está moi ben que por fin (despois de tanto pedilo) haxa unha orientadora porque pode ser de gran axuda para tódolos alumnos; tamén está moi ben que teñamos tantas actividades extraescolares que antes non había. PERO o que

xa non está tan ben é que non se implantase a logse no centro, todas estas innovacións non existiran; e...¿por que?. Eso eu si que non o sei.

¡Por certo! teño un consello moi eficaz para que as da cafetería non se volvan tolas: poñer unha máquina de números na porta.

Dulce L.R.

¿FORA OU DENTRO?

Os alumnos do I.B.M. Mugardos afectados pola falta dos profesores.

No Instituto de Mugardos, ó que acuden tódolos días alumnos de diferentes lugares como: Ares, Franza, Mugardos..., vese ultimamente afectado pola falta de rapidez na substitución dos profesores, o que dará máis dun quebradeiro de cabeza.

Na primeira semana do regreso das vacacións ó Instituto, certos cursos de B.U.P. e E.S.O. observaron que chegaran novos mestres ó centro, no que destacará o de Matemáticas-Deseño-Informática, chamado Salvador. Poucos días despois da súa presentación comentou ós alumnos que marcharía pronto do centro, máis concretamente iría á Universidade de Ferrol de Inxeñería Naval e Industrial a impartir clase. Estes

comprenderon inmediatamente que iso significaba **vacacións** por un tempo.

Ainda que a idea de non dar clase ata a chegada de un sustituto lles parecía xenial, comprenderon que non sería así.

Cando chegue o mestre ou mestra, quedará pouco tempo, deste xeito terá que dar a materia moi rápido para cumprir o guión no tempo indicado, o que implica á súa vez explicacións rápidas, pouca práctica e moitos suspensos.

O que os alumnos non comprenden é coma **un** profesor pode impartir estas tres asignaturas, algunhas tan incompatibles. Deste xeito cando o mestre non poida vir moitos cursos non terán unha ou dúas clases como mínimo, o que non é xusto para a nosa ensinanza.

Así, os alumnos teñen que elixir entre estar **fora**, na gaiola, ou reivindicar a súa ensinanza e formación **dentro**, dando clase. Difícil énon?

O TRASNO.


OPCIÓN EN C.O.U.

Este ano parece que todos comezamos un pouco desorientados o curso. Entre que agora nos vemos rodeados tódolos días de novos rapaces, aparte dos de 3º de E.S.O., que serían ós que lles correspondería estar no plan antigo en 1º de

B.U.P., polos de 1º e 2º de E.S.O. que nos fan visitas de un día para utilizar algunhas das nosas aulas para dar as súas asignaturas máis modernas.

Ben, pero en realidade o meu artigo non vai por ese lado, a desorientación á que eu me refería é o cambio de horarios que se fixo a principio de curso e no que moitos de nos nos vimos afectados. A verdade é que creo que os alumnos xa comezamos a estar un pouco cansos de ter que andar dun lado para outro do Instituto; con isto non quero dicir que o sistema esté mal, pero penso que debería de ter máis ventaxas, como por exemplo poder ter máis opcións nas asignaturas de C.O.U., e a verdade é que polo menos dúas opcións son incompatibles neste Instituto, e ás persoas que lles afecta directamente son ás que máis lles tocan os fuciños. Din que non hai xente para facer tódalas opcións, e eu creo que en realidade faltan profesores, porque os alumnos somos bastantes, creo tamén que é un número excesivo trintaedous alumnos por aula e que se podían facer perfectamente catro cursos de C.O.U., e así poder escoller calquera das opcións, parece que aínda non nos damos conta de que da opción que escollamos en C.O.U. vai depender o noso futuro. E con isto só quero facer reflexionar.

Lidia Pena.



O PROBLEMA DA DESGASIFICADORA.

As veces poñémonos a pensar en como eran as cousas fai anos. Pois ben, esto aconteceu a min fai uns días.

Pensei nun pobo mariñeiro, con grandes bosques de eucaliptos e pinos, cun mar no que traballan pescadores e mariscadores; nunha fonte de vida e recursos económicos. Lembrando cheguei a esquecer como eran as cousas.

Unha depuradora con escasa actividade, convertiuse anos máis tarde nunha fábrica de cola. Con isto chegou unha tentadora oferta de postos de traballo e prosperidade, pero comó sabemos todo o bo ten algo malo. Esta fábrica foise estendendo como unha mancha de petróleo sobre o mar, apoderouse de terreos, e foi crescendo e crescendo sen que apenas nos decatásemos.

Mercaron terreos oficialmente catalogados como "zona verde" e a súa expansión escapou das mans da xente e do seu coñecemento.

Comezaron os vertidos e con eles as protestas, pero non trataron de remedialo, seguiron a crecer tapando con enormes construcións

as posibilidades de atisbar a contaminación.

Despois disto chegamos a un punto no que o problema non é só a violación das zonas verdes, senón tamén das propiedades particulares.

No seu afán de expansión este monstro, non conforme con todas as desfeitas naturais que está a facer, tenta mercar un terreo edificado.

Neste solar hai un bonito chalet con vistas ó mar sobre o que pesa unha tentadora oferta económica.

Aquí plantéxase o dilema: a- se acceden a vender, ¡estupendo! Pero b- se se chegan a negar ¿conformarase a fábrica coa negativa?

Pois ben, pensade, pensemos: ¿ímonos conformar con que destrúa os nosos bosques, mares e casas?

Concienciémonos: co paso do tempo un pobo tranquilo quedarase sen bosques, sen mar e sen vida. E o que foi Mugarbos, seguirá a ser, seguirá a ser unha lembranza.

Rocio V.



**INCLUSO EU
PODO FALAR
GALEGO**



ASOCIACIÓN CULTURAL TREME A TERRA.

Algo si se move na bisbarra. Perante a situación ás veces un tanto triste na que nos atopamos xorden, paseniñamente, agrupacións que como Treme a Terra, tentan alivia-lo panorama gris que nos rodea. Eles traballan dende Pontedeume, nós facemo-lo que podemos dende Mugardos e Ares...

Concerto de solidariedade, (este ano a prol do Pobo Cubano), exposición fotográfica, presentación dun libro, edición do voceiro Treme a Terra, do Caderno de Poesía e Caderno de Temática Cubana, autofinanciación (camisolas, autocolantes, cartaces, chapas, rifas). Moito traballo e moitos concertos ás nosas costas, son datos que dan conta da vitalidade da nosa asociación e descubre que o estado do noso colectivo nestes intres goza de boa saúde, hai no grupo unhas gañas de facer cousas, que transcurridos tres anos dende a nosa formación é raro entender como podemos seguir coas mesmas gañas que o primeiro día. Estar nunha A.C. queima moito pero lévase moito mellor se os compañeiros axúdanse uns aos outros. Coido que o noso "éxito" está baseado e centrado no traballo de tratar de facer cousas boas, de

escoitar e plasmar ideas, de estar abertos a tódalas colaboracións posibles, desenrolar actos culturais e musicais, tratar os problemas da Galiza participando en diversas manifestacións (cota láctea, Endesa, defensa da lingua) e tamén ser solidarios con outros pobos e cos seus problemas (Sahara, Cuba, etc.)

Para a xente todo isto non significa nada, mais en realidade para nós é moi importante, porque dámonos conta de que si de verdade se quere unha cousa hai que loitar moito por ela, sen subvencións pero sen submisións. Por iso a A.C. Treme a Terra convida a tódolos amigos e colaboradores da A.E.G. e a tódolos mugardeses e aresanos, que loiten para conquistar máis actividades nunha vila que a bon seguro merece máis do que ten.

Lois.

VOCEIRO TREME A TERRA


Apdo. de Correos, nº 94

PONTEDEUME - A Coruña



O GRANDE FRAUDE DO ROCK'N'ROLL.

Rolin Stóus
↗



MICHAEL OCHS ARCHIVES, Venice CA

Morte aos vendedores de merda. Morte aos estafadores!

Non vos confundades. O da música é un negocio que enche de merda todo o que toca.

"Yo esque soy independente, tío, a mi me hacen los **Dover** y fuf a Vígo al concierto de los **Rolin Stóus**, y de puta madre, tío".

É triste, pero é así. Que si o **Esparrago Rock**, que si o **Festi-Mad**. Todo eso cheira a cartos —non sei se a maioría da xente o nota. ¿Que non, dis? Mira, rapaz, ser alternativo, independente ou indie, ou como carallo se chame, está de moda. E iso, antes que ti o saben os que cortan o bacalao ¿ou de verdade pensas que ti es o que decide? (Pardillo).

Agora ben, tampouco todo é tan chungo. Hai xente que non é coma ti, que non se monta un grupo e canta en inglés sen ter nin puta idea (como o público ao que nunca chagarán as letras). Hai xente que pasa de ti e dos que coma ti arrastran un cheiro mosqueante a


"dont imiteit, innoveit". Así lle pasou a **Extremoduro**, claro, se ti pensabas que debutaban con **Agila** e moitos coma ti, y a mi me molan los Extremoduro y mi chorbá se sabe todas las de Iniesta. Y me estoy mefiendo...

Sempre está a outra cara da moeda. Pra onde ti non miras -e menos mal- catro colegas se xuntan nun local de prestado e ensaian uns temas. Logo, un sábado, de buen rollito, falan cuns colegas doutro grupo e din de dar unha tocada. Hai quen crea unha Asociación e monta concertos coma a **A.E.G.** cos **Macroconcertos Rock** de fin de curso no Instituto de Mugardos ou **Treme a Terra** do outro lado do Eume.

E hai concertos de solidariedade e ti non vas nunca a eles porque tocan unos grupos fules y allí no va nadie.

Pero faime un favor... nunca vaias.

Leñero.



POR FIN: SELECCIÓN GALEGA, XA!




Isidro, Otero, Rozanúa, Queralt, Balbino, Herawica, Neucio, Rouboa, Cuarrone, Solo e Piñella O melloracio dos equipos galegos.

Equen di que non? Boeno, o di don Manoel Fraga, que o seu galeguismo - el é galeguista- só entende da Selección Española que lo hace muy bien, ou o facía. Segundo o propio presidente da Federación Galega de Fútbol por fin poderemos ver á Selección Galega de novo oficialmente, seguramente sobre o 21 ou o 22 do Nadal deste ano e contra algunha selección nacional tipo Euskadi, Cataluña... incluso poderíase facer un torneo triangular entre as tres seleccións (igual presidían Beiras, Arzallus e Pujol, que agora son coleguillas). O caso é que por fin os Fran, Nacho, Marcos Vales, etc. poden vestir xuntos a albiceleste galega. E agora penso eu... ¿por que non imos poder xogar partidos internacionais? Lendoiro declarou que pra el encontros como España-San Marino ou Francia-Andorra son absurdos e que se deberían facer divisións internacionais... Lendoiro ás veces

di cousas destas...









Pois eu penso que pra perder contra Chipre e telo chungo con Israel tamen podemos xogar coa nosa Selección ¿ou non? Digoo porque hai moito pringao que prefire unha Selección Española forte a unha Selección Galega débil (¿?)... ¡Pobriño Fran! Eu sigo pensando que sería un gustazo ir á Coruña a ver un partido de clasificación pra o Mundial Galiza-Irlanda, Galiza-Portugal, Galiza-Euskadi ou Galiza-Arentina (entrariamos no grupo das Américas por iso da Galiza emigrante... sería todo un derbi). O caso é ese: en decembro Selección, che guste a ti ou non. Se eres un julai, queda na casa, se te fai ir berrar e os once do teu equipo entendan cando lles dis chúzalle duro, carallo, entonces vente a Balaidos para o mes e merquemo-la camisola da banda cruzada.

Forza Fran.






Galicia - 4. Ceuto. 1.



Os galegos mostráronse en todo momento superiores á selección madrileña. Aquí podemos ollar outro instante do encontro.



AMAMANTAR



A UN FILLO



MORTO.

NASÍO PA OBXETÁ

Xa sabes que hai dúas alternativas pra non ter que face-la mili; a insumisión e a obxección, ista última consiste na posibilidade de non face-la mili sustituíndoa por unha asistencia social, por exemplo, primeiros auxilios, cuidados a terceira idade e minusválidos,...Cando tamén se nega a asumir ista óbición, pasarase a insumisión que está considerada coma un delito, no que ademais da pena correspondente, haberá tamén unha inhabilitación para desempregar cargos públicos.

Duns anos pra aquí, cada vez hai máis mobilizacións polo movemento antimilitarista. Por iso, cando o P.P. di que vai suprimi-lo servizo militar, parece que dalgunha maneira se está

vendo obrigado a facelo pola presión a que se ve sometido.


A verdade é que isto non se debería pasar por alto, eu non vexo nada claro que a unha persoa, neste caso un home, esté no cárcere simplemente por querer expresa-las súas ideas, ¡¡e din que hai democracia!!

Pero aínda que pareza que as cousas están "mellorando", aínda quedan preguntas por facerse: ¿seguirá habendo exército?, ¿seguirá habendo algún tipo de servizo obrigatorio?, ¿que vai pasar cos insumisos?, ¿comezarán a respeita-los dereitos individuais?, e a pregunta máis importante, ¿comezará a haber dunha vez democracia de verdade?


Lidia Pena Leira



Mili non, mili non, mili non, non, non, non, non....



CHEGADA DO CINE A GALICIA



THE BETTMANN ARCHIVE


Este foi o *quinetoscopio* inventado por Edison e Eastman no 1890.

Seguro que moitos de vós nunca vos preguntastes cando foi a primeira proxección de cine en Galicia, ¿a que non? Pois eu tampouco, pero o outro día sóubeno, así que, fareivos partícipes do meu coñecemento. A primeira proxección da que se tivo noticia ía ser en Vigo, pero o local que se precisaba para facelo estaba ocupado así que a devandita proxección houbo de trasladarse a Pontevedra ¿E quenes foron quen de lembrarse deste recuncho no que vivimos alá polo 1897 e darnos a coñecer un dos grandes inventos do século XX? Foron dous homes, un operador, César Marqués, e un actor, Alexandre Pais de Azevedo, acreditados polo concesionario dos Lumière na península (que daquela habíache moito imitador, e "a xente auténtica non usaba cinematógrafos falsos"). E así foi que o 17 de Abril de 1897 a xente de Pontevedra poido disfrutar polo módico prezo de cinco patacós (0'5 pesetas para

quen non saiba a como estaba o cambio) dalgúns dos 'cadros' que os mesmos Lumière filmaran. Os cadros eran curtos de pouco tempo de duración que podían presentar historias con argumento, cómicas case sempre, como *UN JARDINERO SORPRENDIDO* ou *BATALLA DE NIEVE* ou tipo documental coma *LLEGADA DE UN TREN* (do que se ve un anaco ó principio de "¡Que grande es el cine!").

As sesións alongáronse ate o día 25 de Abril e durante os poucos días que alí estiveron ofreceron sesións acompañadas da orquesta local nos intermedios e por un guitarrista e un bandurrista na súa xira galega facendo do espectáculo un éxito.

Finalmente, facendo aquí unha homenaxe persoal ó cinematógrafo ¡Viva la francel (Ainda que Bonnissel a emprenda a cabezazos cos afeccionados).



3 LETRAS: A.E.G

7 LETRAS: MAGOSTO, CASTAÑA, FIUMCHO

5 LETRAS: FESTA, XOGOS.


8 LETRAS: NOUEMBRO, COMILONA

6 LETRAS: OURIZO, OUTONO.

11 LETRAS: CASTIÑEIROS, COUTACONTOS.

PARA
VIA
RE
M
P
O
S





Risco, Cabanillas, Castela, Viqueira, os irmáns Vilar Ponte... 1ª Asemblea Nacionalista (1918).